

SERVIZO DE APARELLO DIXESTIVO

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Gastroenteroloxía e Hepatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra está especializado na prevención, diagnóstico e tratamento de enfermidades do aparello dixestivo e do fígado.

O equipo de profesionais que forma o Servizo de Gastroenteroloxía e Hepatoloxía diagnostican e tratan enfermidades do colon, esófago, estómago, fígado, intestino delgado, páncreas, vesícula e vía biliar.

Co obxectivo de atender de forma máis específica grupos concretos de enfermidades dixestivas, e dada a súa crecente complexidade, os especialistas do servizo organízanse en diferentes áreas funcionais.

Anualmente:

- Realiza máis de 14 000 procedementos endoscópicos e máis de 1000 elastografías (Fibroscan).
- Atende a máis de 20 000 pacientes en consultas externas.
- Ingresa máis de 1200 pacientes con afeccións dixestivas e hepáticas agudas de alta complexidade.
- Forma un médico interno residente (MIR) na especialidade.

PROFESIONAIS DO SERVIZO

Responsable do servizo	Xefe de Servizo: Dr. Juan Turnes Vázquez
Persoal facultativo	Facultativos especialistas de área: 14 Médicos internos residentes: 4
Persoal de enfermería	Supervisoras: ▪ Lourdes Rodríguez Montes (planta de hospitalización) ▪ María Teresa Loureiro Rodríguez (Unidade de Endoscopia Dixestiva e Motilidade)
	Enfermeiras:
	Técnicos en coidados auxiliares de enfermería:

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra - Hospital Montecelo

- Hospitalización: planta 4.^a
- Consultas e salas de espera: planta 0
- Unidade de Endoscopia Dixestiva e Motilidade: planta 0

Teléfono da secretaría de dixestivo-endoscopias: 986 800 551

Teléfono da secretaría de dixestivo: 986 800 505

CARTEIRA DE SERVIZOS

O Servizo de Gastroenteroloxía e Hepatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra:

- Diagnostica e trata pacientes con:
 - Enfermidades dixestivas
 - Enfermidades hepáticas
- Dispón dos equipos máis actuais para realizar:
 - Endoscopia dixestiva
 - Endoscopia biliopancreática
 - Ecoendoscopia dixestiva
 - Manometrías de alta resolución
 - Outros procedementos

Organización

O Servizo de Aparello Dixestivo presenta a seguinte estrutura:

- Unidade de Endoscopia Dixestiva e Motilidade
- Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal
- Unidade de Hepatoloxía
- Unidade de Hospitalización
- Consulta de alto risco de cancro dixestivo
- Oficina de proxectos de investigación e innovación

ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Investigación en:

- Enfermidades hepáticas
 - Optimización diagnóstica e terapéutica en cirrose hepática e hipertensión portal
 - Optimización terapéutica en hepatites virais
- Enfermidades do aparello dixestivo
 - Optimización diagnóstica e terapéutica en enfermidades inflamatorias intestinais
 - Diagnóstico precoz e tratamento de enfermidades oncolóxicas dixestivas
- Enfermidades inflamatorias intestinais
- Cancro colorrectal
- Estudos farmacoeconómicos e de modelización

Ensaio clínicos en:

- Hepatite B e C
- Colanxite biliar primaria
- Colanxite esclerosante primaria
- Complicacións da cirrose
- Enfermidade hepática por depósito de graxa (NASH)
- Tratamento da colite ulcerosa e da enfermidade de Crohn

LIGAZÓNS RELACIONADAS

